

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES EDUARDO PONDAL
CURSO: 1º ESO
MATERIA: EDUCACION EMOCIONAL
DEPARTAMENTO: XEOGRAFIA E HISTORIA
DATA:10/05/20

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Adquirir destrezas e habilidades persoais.	O alumno é capaz de tomar conciencia de si mesmo no entorno e no grupo
Partindo do autocoñecemento busca xestión reflexiva das propias emocións e desenvolvemento da intelixencia emocional.	Coñece as súas capacidades e as súas limitacións respecto a habilidades de comunicación, emocional, responsabilidade,
Comprobar a participación activa dos alumnos/as.	Comprende os vínculos entre os seus sentimentos e pensamentos cas palabras e accións.
Analizar os cambios de comportamento e as repercusións positivas no alumno/a	Adquire conciencia das emocións propias e alleas e recoñece que as emocións son necesarias para convivir.
Comprobar a capacidade de autoaceptación.	É capaz de identificar as emocións que sente e recoñece a súa importancia na relación cos demais.
	Expresa de forma clara e concisa os seus sentimentos.
Comprobar a capacidade creativa nos proxectos.	Describe respostas socialmente hábiles e entende porque o son
Comprobar o desenvolvemento nas competencias emocionais: conciencia de si mesmo, motivación, autoregulación, empatía, habilidades sociais.	Ten capacidade para ofrecer e aportar solucións creativas, solucións non convencionais a problemas, creatividade na resolución de problemas, combinación de elementos narrativos, etc.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Terase en conta os resultados acadados nas avaliacións anteriores - O alumno pode mellorar a súa cualificación coas actividades realizadas neste último trimestre. Terase en conta tanto a interacción co profesorado como o resultado dos traballos enviados.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Participación e interacción co profesorado: consulta de dúbidas, visualización do material que se lles envía . Traballos realizados</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final do curso calcularase do seguinte xeito:</p> <p>1. Para o alumnado coa primeira e a segunda avaliación aprobadas de xeito presencial a cualificación será a media desas dúas avaliacións,ou a media da primeira, a segunda e o traballo feito no terceiro trimestre se desa maneira o alumnado mellora a súa cualificación. A nota final será a máis alta entre a media de A e B $((A + B)/2)$ e a media de A,B e C $((A + B + C)/3)$ Sendo: A = Nota da 1ª avaliación. B = Nota da 2ª avaliación. C = Nota media das actividades e tarefas realizadas no terceiro trimestre.</p> <p>2. Para o alumnado coa primeira e/ou a segunda avaliación suspensas a nota final será a máis alta entre a media de A e B $((A + B)/2)$ e a media de A,B e C $((A + B + C)/3)$ Sendo: A = Nota da 1ª avaliación ou nota media das actividades e tarefas de recuperación realizadas no terceiro trimestre se mellora a súa cualificación. B = Nota da 2ª avaliación ou nota media das actividades e tarefas de recuperación realizadas no terceiro trimestre se mellora a súa cualificación. C = Nota media das actividades e tarefas realizadas no terceiro trimestre.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>A proba extraordinaria de setembro será presencial se é posible. Nela entrarán únicamente os contidos e estándares traballados na primeira e a segunda avaliación. Se fará un traballo persoal.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>O programación repartirase en tres fases:Fase Inicial de toma de contacto e presentación ao alumnado.</p> <p>Desenvolvemento da programación de xeito vivencial, con dinámicas grupais.</p> <p>Peche da materia cunha dinámica de recollida e autoavaliación.</p> <p>A metodoloxía empregada será preferentemente vivencial, a través de actividades como:</p> <p>Movemento corporal</p> <p>Actividades de relaxación e de traballo da capacidade de atención.</p> <p>Actividades expresivas empregando materiais de plástica,debuxo e música.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Todo o alumnado ten conectividade. 2. O alumnado ten os contidos, relaxacións, videos educativos, cortos,etc dos estándares de aprendizaxe no que imos traballar neste trimestre. <p>As dúbidas que lles xurden durante o traballo e estudo semanal consúltanmas diariamente por correo.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Titorias de apoio e materiais de video para a realización de actividades.</p> <p>Materiais de plástica, debuxo e música (creacións artísticas e estéticas, audios musicais, videos...)como estímulo para traballar as competencias emocionais.</p> <p>Materiais físicos (esteras, mantas, pinturas,cd,video, atrezzo...).</p> <p>Importante é a ratio por aula, ideal que sobrepase o número de 15 alumnos/as.</p> <p>Correo electrónico do centro</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A información contida neste documento será trasladada ao alumnado por correo electrónico .
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro dentro do departamento de historia.